Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 13 de febreiro de 2020**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTEN:** |
|---|---|
| **Membros :** | |
| D. Abel Caballero Álvarez | Dª Mª José Caride Estévez |
| Dª Mª Carmen Silva Rego | D. Jaime Aneiros Pereira |
| D. Francisco Javier Pardo Espiñeira | Dª Patricia Rodríguez Calviño |
| Dª Elena Espinosa Mangana | |
| D. Carlos López Font | |
| D. Abel Losada Álvarez | |
| Dª Yolanda Aguiar Castro | |

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día trece de febreiro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local,  Sra. Campos Acuña, o interventor xeral,  Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(89).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinario do 6 de febreiro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do  Sr.Alcalde–presidente.

**2(90).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS (RELACIÓN N.º 2/2020). EXPTE·12661/111.**
Dáse conta do informe-proposta de data 5/02/2020, asinado polo xefe de Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

Relación n.º 2/2020
Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 11725/111
Sentenza nº 40 do 29 de xaneiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 365/2018
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: inactividade do Concello de Vigo referida ao incumprimento da obriga de liquidación do contrato a partir do día 03/02/2014. "Contrato xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tíckets na vía pública (XER)".
Contía: (Indeterminada)
Esta sentenza, que non é firme, estima "substancialmente" a demanda, declara contraria ao ordenamento xurídico a inactividade administrativa e anúlaa.
Condena á administración á "inmediata tramitación do expediente de liquidación do contrato" e impoñen as custas, taxadas, de oficio.
Desestima (FD 4º in fine) o pedimento de xuros por mora.
O departamento de Contratación e o de Seguridade deben informar sobre a eventual procedencia de apelar a sentenza (a inactividade municipal no caso é indiscutible e inexplicada) ou executar de contado o deber legal de liquidar o contrato.

2.- Social. Expediente nº 11898/111
Decreto do 17 de xaneiro de 2020
Xulgado do Social nº 3 de Vigo
Seguridade social: 20/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: revogación da incapacidade permanente total concedida, debendo reincorporarse a súa actividade laboral.

Ten por desistido ao demandante.
O departamento de Persoal (Riscos) e o de Seguridade (Bombeiros) deben coñecer o resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 12218/111
Sentenza nº 11 do 23 de xaneiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 210/2019
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: resolución do TEA do 12/04/2019 desestimatoria da reclamación económico-administrativa fronte ao acordo desestimatorio de reposición presentado contra dilixencias de embargo por débedas tributarias (EUI 2017, multa tráfico, IAE 2016 e 2017).
Expte(s): 4766/550
Contía: 31.601,17 €

Esta sentenza non é firme, desestima o recurso e impón as custas na instancia (500 euros) á parte demandante, conforme ao criterio do vencemento.
A sentenza resolve a impugnación da desestimación da reclamación económico-administrativa presentada perante o TEAC do Concello de Vigo, contra a desestimación do recurso de reposición fronte a unha dilixencia de embargo por importe de 31.000 euros (cifra non exacta).

A resolución, logo de examinar o réxime das notificacións tributarias, e o contido do expediente e da proba documental aportada, considera válidas as notificacións practicadas, e que non se lle comunicaron ao Concello de Vigo as variacións do domicilio. Non se considera acreditada a carga de probar esa variación do enderezo fiscal. Expresa para iso tanto os preceptos legais de aplicación como a doutrina xurisprudencial sobre esta materia.

A Recadación Executiva e o TEAC deben coñecer o resolto.

4.- Social. Expediente nº 12369/111
Sentenza nº 40 do 23 de xaneiro de 2020
Xulgado do Social nº 2 de Vigo
Modificación substancial das condicións laborais: 892/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: modificación substancial das condicións laborais, cambio grupo traballo, prestación de servizos coa categoría de axudantes de mantemento e con contrato dende o 01/03/2011.

Esta sentenza, que é firme, estima o recurso da demandante e considera que existiu unha modificación substancial das condicións de traballo da demandante.
Parte da consideración de que as persoas traballadoras na mesma situación que a demandante, no Servizo de Deportes, desenvolven as súas funcións mediante quendas, e que a muda de quenda en prexuízo da demandante, acordada por sorteo, supón unha modificación das súas condicións de traballo. Valorouse pola xulgadora que se procedese con posterioridade á contratación de persoal que desenvolve as mesmas funcións que a demandante (segundo a proba testemuñal practicada e igualmente valorada neste senso).

Finalmente, considera nulo o procedemento de modificación substancial por defecto formal, posto que se ben á demandante se lle notificou coa debida antelación, non foi así cos representantes dos traballadores, o que conleva a nulidade desta modificación acordada.

O Servizo de Deportes debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

5.- Contencioso. Expediente nº 12466/111
Sentenza nº 37 do 29 de xaneiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 317/2019
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: decreto do 14/08/2019 polo que se determinan os servizos mínimos a prestar polo Servizo de Extinción de Incendios durante a folga convocada a partires do 14/08/2019 e contra a inclusións dos funcionarios en prácticas para realizar aqueles servizos mínimos.
Expte(s): 34515/220

Esta sentenza, que non é firme, estima "substancialmente" o recurso e declara nulo o acto recorrido por falta de motivación.
A sentenza admite que o servizo de bombeiros é esencial, pero tamén sinala que non poden establecerse como servizos mínimos os correspondentes ao nivel de funcionamento habitual porque iso supón negar o exercicio do dereito a folga, e reitera que é precisa unha motivación con valoración expresa dos intereses contrapostos, e dos criterios utilizados para determinar, con proporcionalidade, a decisión proposta sobre fixación de servizos mínimos.

A simple lectura da resolución recorrida, e do informe-proposta na que se funda, lévanos a concluír a súa carencia motivacional.
O departamento de Persoal (e o de Bombeiros) deben informar con urxencia sobre a eventual apelación (e a súa base no seu caso), do contrario deben executar o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 12477/111
Sentenza nº 34 do 29 de xaneiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 311/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución do 15/10/19 ditada en expediente sancionador, con imposición de sanción por non identificar ao condutor.
Expte(s): 2019/21669

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación deben coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 12486/111
Decreto do 27 de xaneiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 330/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución da Concelleira Delegada de Seguridade, do 04/09/2019, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra ditada en expediente sancionador.
Expte(s): 2019/14009

Acepta o desistimento da actora.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 12513/111
Decreto nº 4 do 22 de xaneiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 314/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución do 30/07/2019 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra ditada en expediente sancionador, que impón sanción de 300 euros.
Expte(s): 2018/23083

Ten por desistido ao demandante.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 12516/111
Decreto nº 6 do 20 de xaneiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 350/2019
Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución ditada polo TEA do Concello de Vigo o 04/09/2019, desestimatoria da reclamación económico-administrativa de solicitude de anulación da providencia de constrinximento con referencia 000019047715.
Expte(s): 4925/550

Acepta o desistimento da actora.
O TEA do Concello de Vigo e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto (o importe reclamado foi aboado o 12/04/2019: 113,57 + 113,57)

10.- Contencioso. Expediente nº 12528/111
Sentenza nº 39 do 29 de xaneiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 327/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución do 09/09/2019 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 01/07/2019 ditada en expediente sancionador.
Expte(s): 110201/210

Esta sentenza, firme, estima o recurso, con custas taxadas de oficio.
A falta de determinación na denuncia da hora de peche na noite anterior e a falta de tipificación por aplicación da prohibición do art. 5.2 (en relación co 9 e ss.) da ordenanza municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio de 2009, levan á aplicación da presunción de inocencia e á anulación da sanción.
O departamento de Seguridade debe executar o resolto (anulación e devolución do ingresado se fose o caso).

11.- Contencioso. Expediente nº 12622/111
Decreto nº 10 do 29 de xaneiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 9/2020
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: reclamación dos danos ocasionados pola filtración da auga da choiva, no local sito na explanada exterior do Mercado do Progreso
Expte(s): 5774-243

Declara o desistimento da actora.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demáis resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto *ex* art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demáis resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso destea administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

**PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 3(91).-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL". EXPTE. 16574/77.

Visto o informe de fiscalización do 7/02/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 6/02/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 17 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º Aprobar o expediente de contratación (16574-77) por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL".*

*2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 1 de agosto de 2019 e o prego de cláusulas administrativas particulares de 9 de setembro de 2019 que rexerán a contratación de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL".*

*3º.- Aprobar, por procedemento anticipado, o gasto por importe de 1.799.440,65 €, para a contratación de servizos de formación do PROGRAMA "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL", con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279920 FORMACIÓN VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL, dos orzamentos do Concello de Vigo do 2020.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de decembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) na seguinte orde descendente:*

| PUNTUACIÓNS FINAIS DEFINITIVAS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Lote | Empresas licitadoras | SOBRE B | SOBRE C: PREZO | SOBRE C: EXPERIENCIA | TOTAL |
| Lote 1 | CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. | 9 | 49 | 20 | 78,00 |
| Lote 2 | GRUPO AVANTFOR, S.L. | 18 | 49 | 0 | 67,00 |
| Lote 3 | CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA | 20 | 46,19 | 26 | 92,19 |
| | MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U. | 19 | 45,04 | 26 | 90,04 |
| | G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. | 13 | 49 | 26 | 88,00 |
| | CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP) | 15 | 33,67 | 21 | 69,67 |
| | CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. | 9 | 28,24 | 21 | 58,24 |
| Lote 4 | MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U. | 20 | 49 | 26 | 95,00 |
| | CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. | 9 | 46,6 | 21 | 76,60 |
| Lote 5 | MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U. | 20 | 47,85 | 26 | 93,85 |
| | G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. | 12 | 49 | 25 | 86,00 |
| | ESTUDIOS MEGA, S.L. | 12 | 47,01 | 19 | 78,01 |
| | CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP) | 16 | 35,31 | 19 | 70,31 |
| | UTE: ASESORÍA ESTUDIO EMPRENDEDOR, S.L. E YOLANDA MARÍA SANTOS PEREZ | 6 | 44,47 | 6 | 56,47 |
| | CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. | 9 | 27 | 18 | 54,00 |
| Lote 6 | MOBA SKILL TRAINING, S.L. | 15 | 49 | 16 | 80,00 |
| | GRUPO AVANTFOR, S.L. | 18 | 28,15 | 0 | 46,15 |
| Lote 7 | MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U. | 20 | 49 | 26 | 95,00 |
| | CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. | 9 | 27,18 | 17 | 53,18 |
| Lote 8 | G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. | 15 | 49 | 22 | 86,00 |
| | UTE: BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. E IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO | 15 | 45,49 | 16 | 76,49 |
| | FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN | 17 | 27,69 | 18 | 62,69 |

*Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1), GRUPO AVANTFOR, S.L. (lote 2), CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (lote 3), MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (lotes 4, 5 e 7), MOBA SKILL TRAINING, S.L. (lote 6) e G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (lote 8), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21/22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrase que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- ("inscrición no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia conforme ao Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o sistema de formación profesional para o emprego").*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1), GRUPO AVANTFOR, S.L. (lote 2), CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (lote 3), MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (lotes 4, 5 e 7), MOBA SKILL TRAINING, S.L. (lote 6) e G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (lote 8), o día 2 de xaneiro de 2020, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 22 de xaneiro de 2020 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L., GRUPO AVANTFOR, S.L. e MOBA SKILL TRAINING, S.L. para que puideran emendar a documentación presentada. A documentación presentada polo resto dos licitadores considerouse correcta.

Dentro do prazo concedido os tres licitadores citados presentaron a documentación requirida.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 6 de febreiro de 2020 revisou a documentación presentada por CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L., GRUPO AVANTFOR, S.L. e MOBA SKILL TRAINING, S.L., sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1), GRUPO AVANTFOR, S.L. (lote 2), CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (lote 3), MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (lotes 4, 5 e 7), MOBA SKILL TRAINING, S.L. (lote 6) e G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (lote 8), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1), GRUPO AVANTFOR, S.L. (lote 2), CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (lote 3), MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (lotes 4, 5 e 7), MOBA SKILL TRAINING, S.L. (lote 6) e G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (lote 8), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 4 e 23 de decembro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Adxudicar a CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (B-36.995.934) o lote 1 "Actividades auxiliares de comercio (COMT0211)" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) por un prezo total de 115.071,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 26% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.*

2. *Adxudicar a GRUPO AVANTFOR, S.L. (B-94.146.263) o lote 2 "Operacións básicas de catering (HOTR0308)" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) por un prezo total de 108.033,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 24,98% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.*

3. *Adxudicar a CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (Q-2866001-G) o lote 3 "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS02208)" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) por un prezo total de 89.206,65 euros (exento de IVE), cun desconto do 44,37% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.*

4. *Adxudicar a MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (B-27.700.475) os lotes 4, 5 e 7 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) coas seguintes condicións:*

   - *O prezo total do lote 4 "Actividades de venda (COMV0108)" é de 455.358,60 euros (exento de IVE), cun desconto do 49,50% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.*
   - *O prezo total do lote 5 "Organización e xestión de almacéns (COML0309)" é de 235.948,95 euros (exento de IVE), cun desconto do 48% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.*
   - *O prezo total do lote 7 "Actividades de xestión do pequeno comercio (COMT0112)" é de 206.565,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 49% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.*

5. *Adxudicar a MOBA SKILL TRAINING, S.L. (B-32.327.934) o lote 6 "Operacións básicas de cociña (HOTR0108)" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) por un prezo total de 358.058,25 euros (exento de IVE), cun desconto do 44,52% a aplicar*

*ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.*

6. *Adxudicar a G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (B-36.993.509) o lote 8 "Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210)" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) por un prezo total de 231.198,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 40,47% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(92).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO PRESENTADO NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NOS AREAIS DE VIGO. EXPTE. 14428/306.**
Dáse conta da proposta de data 6/02/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral (P.A. da xefa do Servizo de Contratación), que di o seguinte:

*"1º.- Tomar razón da Resolución nº 32/2020 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 15/2020, interposto por EMSEBUR, S.L. contra os pregos da contratación, polo Concello de Vigo, dun servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios nos areais de "Rodas (Illas Cíes), Fortiñón (Saiáns), Canido (San Miguel de Oia), O Vao, Fontaíña (Coruxo), Samil (Navia), Argazada, O Tombo do Gato, Carril (en Alcabre), A Punta (Teis)" do termo municipal de Vigo, e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida nos areais de O Vao e Samil, así como a execución das prestacións relativas á Bandeira Azul que se recollen na cláusula 10 do prego de prescricións técnicas; expediente 14428-306. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

*1. Desestimar o recurso interposto por EMSEBUR, S.L. contra os pregos da contratación, polo Concello de Vigo, dun servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios nos areais de "Rodas (Illas Cíes), Fortiñón (Saiáns), Canido (San Miguel de Oia), O Vao, Fontaíña (Coruxo), Samil (Navia), Argazada, O Tombo do Gato, Carril (en Alcabre), A Punta (Teis)" do termo municipal de Vigo, e de seguridade e accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida nos areais de O Vao e Samil, así como a execución das prestacións relativas á*

*Bandeira Azul que se recollen na cláusula 10 do prego de prescricións técnicas; expediente 14428-306 do dito concello.*

*2. Levantar a suspensión acordada no seu día.*

*3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.*

*2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente".*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**5(93).-DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES RECOLLIDAS NO PROXECTO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL DE VIGOZOO. EXPTE. 8962/612.**

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 10/02/2020, que di o seguinte:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de Vigozoo (8.962-612)

Tendo en conta que non se presentou ningunha proposición a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto aberto para a contratación do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de Vigozoo (8.962-612)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 16 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de Vigozoo.

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 21 de xaneiro de 2020, rematando o prazo de presentación de ofertas o 5 de febreiro.

**Terceiro.-** Consultada a plataforma de Contratos do Sector Público e segundo o indicado no o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 10 de febreiro de 2020 non se presentou ningunha proposición dentro do prazo de presentación de ofertas.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Único.-** Establece o artigo 150.3 da LCSP que o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación e non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

"A sensu contrario", o órgano de contratación poderá declarar deserta unha licitación ben cando no se teñan presentado ofertas, ben cando estas non sexan admisibles conforme aos pregos.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se constata na plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 10 de febreiro de 2020, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar deserto o procedemento aberto aberto para a contratación do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de Vigozoo (8.962-612) por non terse presentado ningunha proposición".*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 6(94).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO "OBRADOIRO DE EMPREGO FORMAWEB IV" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 17066/77.

Visto o informe de fiscalización do 07/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 05/02/2020, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19) e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. No DOG. núm. 13, do 21 de xaneiro deste ano, publicouse a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os

obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro o Sistema nacional de garantía xuvenil, (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353B).

Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do desemprego nas persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 25 anos anos. A Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de Castrelos", "Mar de Vigo" -I, II, III e IV- , Escola Obradoiro "Vigozoo", obradoiro de emprego "Vigozoo" -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", obradoiro de emprego "Vigo Capacita" I, II, III, IV e V, Obradoiro de emprego "Vigo Prepara", Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil "FORMAWEB I, II e III") un novo proxecto denominado Obradoiro de Emprego "**FORMAWEB IV**", propoñendo as especialidades de **Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210_3) e Sistemas de xestión de información (IFCD211_3)**, pola demanda existente destas profesións na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

II. En data 27/01/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a Orde do 27 de decembro de 2019.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado co desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web e sistemas de xestión da información levaron a este Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local de Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto **"Obradoiro de Emprego FORMAWEB IV"** e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras,

aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.

II. O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 15 alumnos/as nas especialidades de "Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210_3)" e "Sistemas de xestión de información (IFCD0211)", cuxo obxectivo final é formar e cualificar aos/as alumnos/as para acadar a máxima inserción laboral dos/as mesmos/as no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Programación web no contorno cliente.
2. Programación web no contorno servidor.
3. Implantación de aplicacións web en contornos internet, intranet e extranet.

A duración do "Obradoiro de Emprego FORMAWEB IV" está establecida en 12 meses e a data prevista de inicio é o 01 de xuño do presente ano.
Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do Local Municipal sito na rúa Arquitecto Pérez Bellas nº 9,baixo, que está adecuadamente adaptado ás necesidades do obradoiro.
Non é necesaria achega municipal para facer frónte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Economía, Emprego e Industria (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, están relacionados coa compra de material de carácter divulgativo.

III. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, por importe de **344.757,60 €**, contemplada no proxecto de Obradoiro FORMAWEB IV, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na "*ORDE do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro o Sistema nacional de garantía xuvenil, (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353B)*", e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Estímase a achega municipal en 20.001,00 € e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2020 e 2021 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de setembro de 2019, polo que os importes da cofinanciación a realizar polo Concello de Vigo serán os seguintes:

| Partida | 2020 | 2021 |
|---|---|---|
| **2410 2100000 MAT. CONS.E.MANT.PROGRA PLAN.E.MUNICIPAL** | **12.250,58 €** | **8.750,42€** |

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego FORMAWEB IV", elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo.

2.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na "Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro o Sistema nacional de garantía xuvenil, (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353B), publicado no DOG. núm. 13, do 21 de xaneiro.

3.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2020 e 2021, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4.- Delegar no Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego "FORMAWEB IV".

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación

do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(95).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO PARA O APOIO AO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES. EXPTE. 9768/224.**

Visto o informe de fiscalización do 7/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 10/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, e a asesora xurídica da Área, que di o seguinte:

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

O artigo 25.2.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL), establece que o Municipio exercerá como competencias propias a materia de “Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”.

O artigo 27 da LBRL faculta á Comunidade Autónoma de Galicia para delegar competencias da súa titularidade que se refiran a calquera tipo de ámbito material, citándose expresamente, no apartado c) do número 3 a Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre indicar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas

de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de Mulleres Veciñais como contemplan os seus estatutos son entre outros:

.- Traballar na prevención dos malos tratos
.- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
.- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
.- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudios e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración cuxo obxecto sexa apoiar os proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto "Sororidade".
- Área de reincorporación psico-social, proxecto "Activas"
- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto "Visibles"
- Área de formación, proxecto "Con perspectiva de xénero"

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria "Programa actividades 2020" que a entidade presenta ao Concello e que se incorpora neste expediente.

A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto deste convenio motiva a concesión á entidade beneficiaria da axuda dun anticipo do 30% da subvención que se concede.

Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O réxime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Por isto, e previos os preceptivos informes da Asesora Xurídica e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local:

"1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a *"Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo"* e o Concello de Vigo para o apoio ao seu programa de actividades que realizará durante o período de 1 de novembro de 2019 a 31 de outubro de 2020.

2º. Autorizar o gasto de 30.300,00€ (trinta mil trescentos euros) con cargo á partida orzamentaria *2311 4890004 Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio ao seu programa de actividades que realizará do 1 de novembro de 2019 ao 31 de outubro de 2020,* do orzamento da concellería de igualdade para o ano 2020, para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

3º. Aprobar o texto, que de seguido se di:

"Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil vinte

**REUNIDAS**

Dunha parte, Dª. Uxía Dolores Blanco Iglesias, na súa condición de Concelleira delegada da Área de Igualdade e Normalización Lingüística, segundo os Decretos do Alcalde – Presidente do Concello de Vigo do 18 de xuño de 2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. terceiro, Pto. 5), asistida pola Secretaria de Goberno Local, Dª Mª Concepción Campos Acuña, para os efectos de dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 9768-224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.** Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.

As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:

.- Traballar na prevención dos malos tratos
.- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
.- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
.- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudios e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

**II.** Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

**III.** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2020, na partida 2311 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.300,00 €, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .

**IV.** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración con-

cedinte, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a realización dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto “Sororidade”.
- Área de reincorporación psico-social, proxecto “Activas”
- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto “Visibles”
- Área de formación, proxecto “Con perspectiva de xénero”

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria “Programa actividades 2020” que se incorpora como Anexo neste expediente.

**V.-** Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que achega a entidade beneficiaria, documento que se incorpora ao expediente deste convenio.

**VI.** Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

**VII.** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes**.**

**<u>PACTOS</u>**

**PRIMEIRO.- OBXECTO**

O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo nas labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, no apoio á formación continua das voluntarias da Rede que realizan os ditos acompañamentos así como ás xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias. Asemade, no marco desta subvención inclúense os proxectos que a entidade beneficiaria realizará desde o mes de novembro de 2019 ata o mes de outubro de 2020, e que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero, proxecto “Sororidade”.
- Área de reincorporación psico-social, proxecto “Activas”
- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto “Visibles”
- Área de formación, proxecto “Con perspectiva de xénero”

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria “Programa actividades 2020” que se incorpora como Anexo neste expediente.

As accións prioritarias obxecto deste convenio  están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soidade e angustia, transmitíndolles apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

**SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA**

1. A  Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotar ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para acompañar ós casos de vítima de  violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo  nos casos  derivados polo servizo municipal do Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

2. Derivar a todas as beneficiarias dos acompañamentos que realice a entidade beneficiaria ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM), servizo adscrito á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, servizo responsable de ofrecer e garantir a información e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

3. Comunicar á Concellería de Igualdade con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo, DNI/NIE , enderezo e teléfono/s de contacto.

Calquera dato de carácter persoal que a entidade obteña ao abeiro deste convenio  non poderá ser obxecto de uso particular, nin cesión a terceiras persoas. Os datos necesarios que a entidade solicitante debe obter para cumprir as obrigas establecidas neste convenio deberán recollerse, previa autorización asinada das mulleres beneficiarias dos programas obxecto deste convenio. Esa autorización firmada deberá recoller o uso que se vai facer dos datos, así como que serán cedidos exclusivamente á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo. En todo caso, deberá estar suxeito á normativa vixente de uso, protección e tratamento de datos de carácter persoal.

4. Achegar trimestralmente á Concellería de Igualdade as "Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción" (segundo modelo facilitado pola Concellería de Igualdade), debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade.

5. A Entidade beneficiaria Rede de Mulleres veciñais contra os Malos Tratos asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre a protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia. Principalmente no referente aos datos especialmente protexidos e co recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial como é o caso na situación de vítimas de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra as mulleres.

6. Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda "Colabora Concellería de Igualdade-Concello de Vigo" en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice e se enmarquen no "programa de actividades 2020" que presentou a convenio, incluída a paxina web, blog e redes sociais propias. Para acadar este fin deberá cumprir co estipulado na cláusula oitava *"Publicidade".*

7. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin.

8. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

9. Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.

10. Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplen a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

11. A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

12. As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

**TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO**

O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1. Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social) a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

2. Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo, unha subvención por importe de 30.300,00 € co obxecto de coadxuvar o financiamento da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

**CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA**
Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA**
1. O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

a) A primeira, por importe de 9.090,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

b) A segunda por importe de 10.605,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

c) A terceira por importe de 10.605,00€ no mes de novembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

2. Antes de proceder a cada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada

as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN**

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

**SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.
- A xefa do servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.
- Unha técnica do servizo de Igualdade.

Actuará como secretaria delegada unha das vogais da comisión que se designará para tal fin.

**OITAVO.- PUBLICIDADE**

1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade deste convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda "Colabora Concellería de Igualdade- Concello de Vigo" en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no período que abrangue este convenio e que se enmarquen no seu programa de activi-

dades incorporado como Anexo neste expediente. Para acadar este fin, a beneficiaria colocará en lugar visible para o público un cartel que identifique ao Concello de Vigo e a Concellería de Igualdade e indique que o acto/actividade que se está a realizar está financiado polo Concello de Vigo. Esta difusión tamén se fará extensiva á paxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará á Concellería de Igualdade coa suficiente antelación a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello. A difusión deste financiamento municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria semestral e anual que presente a beneficiaria (anuncios prensa, imaxes das actividades coa acreditación da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.)

**NOVENO.- XUSTIFICACIÓN**

1. Prazo: antes do 5 de novembro de 2020, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

2. Procedemento: en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal
A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

Os documentos que requiran sinatura, deberán asinarse antes do seu envío a través da sede electrónica.

3. A memoria xustificativa deberá conter a seguinte documentación:

a) A xustificación do gasto imputable ao programa subvencionado deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou acti-

vidade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 37.300,00 € (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos, tal e como se indica no parágrafo anterior xunto cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes da Rede, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2020.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

b) “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción”. Neste documento deberá constar todos os acompañamentos realizados ás usuarias destinatarias do programa no período subvencionado e deberá vir firmado por cada unha das destinatarias, polas persoas voluntarias que realizasen o acompañamento e conformado pola responsable do programa na entidade beneficiaria.

Estas fichas entregaranse con carácter trimestral na Concellería de Igualdade, cuxo persoal acusará recibo de dita documentación.

c) Unha memoria semestral e outra anual, ao remate do período subvencionado, en soporte impreso e dixital, que reflictan dun xeito cuantitativo e cualitativo todas as actividades realizadas no marco deste convenio.

**DÉCIMO. - GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que se realicen desde o 1 de novembro de 2019 ata o 31 de outubro de 2020 e de xeito indudable respondan á natureza da actividade subvenciona-

da, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2020 e que forma parte deste convenio.

A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2020.

**DÉCIMO PRIMEIRO.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

**DÉCIMO SEGUNDO .- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO TERCEIRO.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DA AXUDA**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**DÉCIMO QUINTO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos da entidade solicitante, os da súa representante, así como os datos de carácter persoal que facilite ao Concello de Vigo ao abeiro deste convenio, serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención nominativa obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da

actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).
Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

**DÉCIMO SEXTO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**
A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2020.”

**<u>Acordo</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(96).-DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE XANEIRO DO ANO 2020. EXPTE. 9859/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 4/02/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e o a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de xaneiro do ano 2020.

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicataria | Aplicación orzamentaria | Data Decreto | Importe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 9733-224 | CMSU | Adquisición peza en bronce para entregar á premiada do Premio de Igualdade “Ernestina Otero” | Arte Bronce Fundición, SL | 23112260601 | 3/01/2020 | 919,60 € |
| 9827-224 | CMSU | Adquisición de suministros necesarios para os pisos da rede municipal de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero | Pontevicus, SL Unipersonal | 23112219900 | 3/01/2020 | 5.500,00 € |
| 9737-224 | CMSE | Programa de coeducación nos centros públicos de educación infantil e primaria da cidade para o período de xaneiro a xuño de 2020 | Asociación de Mulleres Progresistas | 23112279906 | 3/01/2020 | 11.250,00 € |
| 9764-224 | CMSE | Programa de atención e apoio psicolóxico a fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias do *CMIDM* | Gabinete de Psicología Karma, SLP | 23112279906 | 3/01/2020 | 10.852,93 € |
| 9824-224 | CMSE | Servizo de megafonía para as concentracións a prol da igualdade e en repulsa da violencia de xénero para o ano 2020 | Jesús Ruperto Andrés Tejada | 23112279906 | 3/01/2020 | 1.936,00 € |
| 9829-224 | CMSE | Distribución material (unidades didácticas, folletos, carteis, etc) entre os distintos colectivos de mulleres e sociais da cidade, centros de ensino e servizos exteriores | Reparto y Gestión Urgente, SL | 23112230000 | 9/01/2020 | 605,00 € |

Concello de Vigo

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicataria | Aplicación orzamentaria | Data Decreto | Importe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 9841-224 | CMSE | Traballos de mantemento e pequenas reparacións nos servizos exteriores, adscritos á Concellería de Igualdade | Mars, SCG | 23112120000 | 28/01/2020 | 5.400,00 € |
| 9843-224 | CMSE | Atención psicolóxica a mulleres en situación de violencia de xénero no marco dos obxectivos das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero | Gabinete de Psicología Karma, SLP | 23112260603 | 30/01/2020 | 4.108,75 € |
| 9849-224 | CMSE | *Actividades dirixidas a alumnado da cidade que os servizos de Igualdade e Normalización Lingüística organizan con motivo da conmemoración do "Día da muller e a nena na ciencia"* | Ceo Aberto, SL | 23112279903<br>33412279905 | 31/01/2020 | 8.490,57 € *Igualdade*<br>5.660,38 € *Normalización Lingüística* |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(97).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DO 6º PROGRAMA DE MEDIANEIRAS. EXPTE. 9732/307.**

Vista a dilixencia de data 4/02/2020 asinada polo interventor xeral, dáse conta do informe-proposta de data 03/02/2020, asinada pola xefa de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Con data 10 de outubro de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o VI PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, coa finalidade de "contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic..."

A Concelleira de Patrimonio Histórico acordou contratar ao arquitecto Ignacio Hortas López a redacción do proxecto que servirá de base para a contratación do desenvolvemento do VI Programa de  medianeiras, no que se estima orzamentariamente o custe do acondicionamento de cada espazo; a valoración económica das actuacións previas á intervención dos artistas; a estimación dos medios auxiliares para as actuacións; cálculo e valoración do material a empregar por cada artista; así como aqueles elementos necesarios para iniciar o proceso licitador encamiñado á contratación das diferentes actuacións encamiñadas ao pintado dos espazos obxecto do programa.

Os gastos de execución de dito proxecto detraeranse da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS, do orzamento municipal para o ano 2020 (segundo Resolución de Alcaldía de 27 de decembro de 2019).

Por outra banda, acompáñase ao expediente o informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras do 31/01/2020.

Deste xeito, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

– APROBAR O PROXECTO DO 6º PROGRAMA DE MEDIANEIRAS, redactado polo arquitecto Ignacio Hortas López.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(98).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS COMO FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE ARQUIVOS. EXPTE. 35393/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 5/02/2020, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

I.- Con data 10 de maio de 2018, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Técnico/a Superior de Arquivos, expte 31605/220, que foron publicadas no BOP de Pontevedra nº 114 de data 14 de xuño de 2018 e, modificación publicada no BOP núm. 208 de 29/10/2018.

**II.-** Por Resolución do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal do 10/04/2019 aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as correspondente á referida Bolsa, órgano de selección, así como do lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo, expte. 32235/220.

**III.-** En data 15/04/2019 se presentou no Rexistro Xeral (nº de documento 190055088) escrito no que manifesta que na composición do órgano de selección designado non se constata a presencia de ningún técnico superior de arquivos, arquiveiro ou especialista na materia, entendendo que se vulnera o principio de especialidade.

**IV.-** Con data 03/05/2019, publicouse a lista de admitidos/as e excluídos/as definitivamente do proceso selectivo, e modificación da composición do tribunal de selección para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como Técnicos/as Superiores de Arquivos, no Taboleiro de Editos do Concello e na páxina web municipal (www.vigo.org).

**V.-** Asi mesmo, con data 08/11/2019 publicouse na páxina web municipal a resolución do recurso presentado, no que se acorda deixar sen efecto o punto segundo e terceiro da resolución impugnada, procedéndose á designación de novo tribunal nos termos do informado, fixando novamente prazo para posibles recusacións dos membros do tribunal, incidencias relativas á abstención e demais procedentes, nos termos previstos nas bases da convocatoria. Asímesmo se deixa sen efecto o punto cuarto da resolución impugnada, procedéndose a convocar aos aspirantes a nova data para a realización do primeiro exercicio.

**VI**.- Por Resolución da concelleira-delegada 18/12/2019 resolveuse a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as correspondente á Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos de Técnicos/as Superiores de Arquivos de conformidade co artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, órgano de selección, lugar e da data do primeiro exercicio do proceso selectivo.

Rematado o mesmo, consta no expediente acta do Órgano de Selección de data de data 22/01/2020 contento proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-:

| **Nº orde** | **Apelidos e nome** | **DNI** | **Puntuación Total** |
|---|---|---|---|
| 1º | GÓMEZ ALLER ANDRÉS DIEGO | ***1646** | 17,45 |
| 2º | ARAÚJO SEOANE JOAQUÍN | ***1170** | 16,62 |
| 3º | LOUREIRO BADA ROSA MARÍA | ***5340** | 16,24 |

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS.**

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas

aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego,** ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e normativa de concordante aplicación.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu declarar que os aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarán parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 10 de maio de 2018, son os que se sinalan a continuación :

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | PUNT. 1º EXERC. | PUNT. 2º EXERC. | PUNT. GALEGO | PUNTUACIÓN FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º | GÓMEZ ALLER | ANDRÉS DIEGO | ***1646** | 7,00 | 8,45 | 2 | 17,45 |
| 2º | ARAUJO SEOANE | JOAQUÍN | ***1170** | 6,87 | 7,75 | 2 | 16,62 |
| 3º | LOUREIRO BADA | ROSA MARÍA | ***5340** | 7,37 | 6,87 | 2 | 16,24 |

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo aos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo”, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de*

*abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demáis normativa de concordante e procedente aplicación.*

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

*b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- *supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- *supostos de incapacidade temporal (IT);*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.*
*As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de* ***3 anos****.*

*No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudiráse á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria sustituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.*

*No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas".*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*"VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo".*

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de admitidos/excluídos, etc, tal e como consta nos, exptes 32235/220, 34791/220, entre outros, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe coa conformidade da Xefa da Área de recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

"Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Técnico/a Superior de Arquivos, que inclúe aos/ás aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | PUNT. 1º EXERC. | PUNT. 2º EXERC. | PUNT. GALEGO | PUNTUACIÓN FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º | GÓMEZ ALLER | ANDRÉS DIEGO | ***1646** | 7,00 | 8,45 | 2 | 17,45 |
| 2º | ARAUJO SEOANE | JOAQUÍN | ***1170** | 6,87 | 7,75 | 2 | 16,62 |
| 3º | LOUREIRO BADA | ROSA MARÍA | ***5340** | 7,37 | 6,87 | 2 | 16,24 |

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso

contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(99).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DE DATA 30.01.2020 DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO A FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO. EXPTE. 2690/341.**

Visto o informe xurídico do 10/02/2020 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 7/02/2020, asinado polo xefe do Servizo de Museos, o xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 30 de xaneiro de 2019 acordou aprobar a proposta de "*Transferir á Fundación Liste, CIF: G36855310, un importe de 125.000,00 € (cento vinte e cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2020 (...)*" que contiña o calendario e contías de pagamentos parciais.

O expediente conta con informe xurídico e da Intervención Xeral favorables, e con documento contable AD 9084, por importe de 125.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3330.489.00.00 "Aportación á Fundacion Liste e CAT" a favor da citada Fundación.

Posteriormente á adopción e notificación do acordo á entidade beneficiaria detectouse un erro nas contías correspondentes aos catro pagamentos parciais da transferencia de financiamento en tanto que o sumatorio das achegas segundo o calendario de pagos excede do importe total da transferencia de financiamento consignada na partida orzamentaria, de xeito que o importe da cada unha das catro achegas, en lugar de 41.666,67 €, debe ser 31.250,00 €.

O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas determina que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

O órgano competente para a aprobación do acordo é a Xunta de Goberno local segundo o artigo 127.g) da LRBRL, polo que emítese a seguinte proposta:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“Rectificar o acordo da Xunta de Goberno, adoptado na súa sesión do 30 de xaneiro de 2020, no que se aprobou a proposta de “*Transferir á Fundación Liste, CIF: G36855310, un importe de 125.000,00 € (cento vinte e cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2020 (...)”,* co obxecto de corrixir o erro material detectado nas contías parciais que figuran no citado acordo, no sentido seguinte:

Onde dí:

- *Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 41.666,67 € (33,33% do importe concedido).*
- *Unha segunda achega antes do 10 de abril de 2020, por importe de 41.666,67 € (33,33% do importe concedido).*
- *Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2020, por importe de 41.666,66 € (33,33% do importe concedido).*
- *Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2020, por importe de 41.666,66 € (33,33% do importe concedido)...”*

Debe dicir:

- *Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).*
- *Unha segunda achega antes do 10 de abril de 2020, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).*
- *Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2020, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).*
- *Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2020, por importe de 31.250,00 €(25% do importe concedido)...”*

No expediente consta o documento contable AD 9084, por importe de 125.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3330.489.00.00 “Aportación á Fundacion Liste e CAT” a favor da citada Fundación.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(100).- IMPOSICIÓN DE PENALIDADES CONTRACTUAIS Á EMPRESA COVISAM NORTE, S.L COMO CONSECUENCIA DA DEMORA NA EXECUCIÓN DA OBRA “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ROCÍO”. EXPTE. 283/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 6/02/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión de 29 de decembro de 2017, acordou «Adxudicar a COVISAM NORTE, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío por un prezo total de 227.455,80 euros, sendo a cota

correspondente ao IVE de 39.475,80 euros». O prazo de execución do contrato era de 3 meses, contado a partir da sinatura da acta de replanteo.

**Segundo.-** Con data 21 de maio de 2018, subscribiuse a acta de replanteo positiva; data que sinala o inicio do prazo para a execución das obras, que deberían rematar antes do 21 de agosto de 2018.

**Terceiro.-** Porén, as obras foron rematadas o 6 de marzo de 2019, transcorrido con exceso o prazo máximo fixado no contrato; data na que se asinou acta de recepción favorable con observación, iniciandose o prazo de garantía. En concreto, se subliña que "*apreciase a existencia de fluorescencia na etapa base de acabado de pavimento da pista que deberá de ser correxida cando as condicións climatolóxicas o permitan, sendo o prazo máximo o inicio do próximo curso escolar".*

**Cuarto.-** Con data 17 de abril de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou incoar un procedemento para a imposición de penalidades á empresa COVISAM NORTE, S.L polo incumprimento de prazos establecidos no prego para a execución das obras, outorgando un trámite de audiencia a COVISAM NORTE, S.L, por un prazo de 15 días hábiles, para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións estimase convenientes.

**Quinto.-** Con data de entrada no rexistro do Concello de Vigo de 29 de maio de 2019, Dona Ana Belen Facal Couto, en representación de COVISAM NORTE, S.L, presentou escrito de alegacións no que, en síntese, alega, que transcurriu o prazo máximo para iniciar o procedemento de imposición de penalidades; que non poden impoñerse penalidades unha vez finalizada a obra; que a execución da obra experimentou incidencias que determinaron a modificación da obra a requirimento da Administración; e que a proposta de graduación é desproporcionada. Por último, mediante "outro sí" se solicita como medio de proba, ademais da documental que se aporta, un dictamen pericial emitido por profesional competente sobre a existencia de modificacións no proxecto, tempo de execución e custe.

**Sexto.-** A vista das alegacións presentadas solicitouse á Dirección Facultativa da obra a emisión de informe sobre as alegacións formuladas pola empresa contratista e, particularmente, sobre as supostas modificacións do contrato e execución de unidades de obra non previstas, ás que se fai referencia no escrito presentado por COVISAM NORTE S.L.

**Sétimo.-** Con data 30 de setembro de 2019, a Dirección Facultativa da obra, emite Informe co seguinte contido:

> «No apartado TERCEIRO, das alegacións, a contratista argumenta que a execución da obra experimentou incidencias que determinaron a modificación da obra a requirimento da Administación e a execución de obras non previstas, que ocasionaron a demora imputada.

A estes efectos, cita como exemplo de requirimento de execución de obra non previsto no Proxecto a proba de líquidos penetrantes. Dita proba ou ensaio está recollida no programa de control de calidade que presentou a propia empresa, “ensayo acero perfiles laminados” no que se sinala en concreto: “Inspección de soldaduras mediante liquidos penetrantes UNE 14612”; documento subscrito pola Adxudicataria en data 05/02/2018. Este Plan de Control de Calidade obtivo Resolución favorable do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Area de Fomento, Contratación e Limpeza con data 13/02/2018. En consencuencia, a dita proba foi solicitada pola Dirección facultativa por estar contemplada no propio documento técnico do Proxecto.

A continuación, se analizan as supostas unidades de obra non previstas:

- Respecto aos apartados “Ud. toma de tierra de estructura” e “luminarias led interior pista rocio” se contempla no apartado 1.4, relativo ao “Desmontaxe e posterior reposición”, a partida 08.03.04, na que indicase expresamente en canto as unidades que “incluyen todo lo necesario para su correcta ejecucion y funcionamento”. Polo tanto, a toma de corrente precisaba de toma de terra, “necesidade técnica para o seu funcionamento” o cal executase por comodidade da propia obra na fase de cimentación, sen que represente en ningún momento ningunha nova unidade da obra, senón o propio complemento de cableado da reposición dos puntos de luz. E a elección das luminarias de led, foi unha elección da contratista por motivos de economía e montaxe.

- “Ud cierre de bloque de bloques de hormigón pista Rocio”, “Ml forrado pilares entre muro y bloque” ,“Ud jaula de chapa perforada” e “Ud Cierre fixo en capa microperforada”. A partida 08.01.01 do Proxecto, preve a reconstrucción de muro de fábrica de bloque de formigón e o remate do muro para suavizar as esquinas, que son perfectamente as unidades que se enumeran nas alegacións non sendo en ningun momento ditos remates unidades de obra novas, senón solucións técnicas de acabados da propia unidade que constan no Proxecto.

- “Muelle disuasorio anti-pajaros”, Na partida 06.02 do Proxecto, se preve un sistema de protección de ocos para a posible entrada de páxaros. Polo tanto, a unidade xa existía, e non existe unha nova unidade, senón un mero axuste técnico na colocación.

- “M² soporte para elementos decorativo en policarbonato” e “ Remate superior vinilo canalon”. As partidas 09.08 y 09.09 do Proxecto, prevén todos os medios necesarios para a súa colocación. Con respecto á colocación do vinilo indicar que debido a que a execución foi incorrecta a Dirección técnica ordenou proceder a levantalo e colocalo novamente para evitar a entrada de auga entre o vinilo e o soporte. A estes efectos, o contratista adoptou a solución de colocar un remate para evitar ditas filtracións. Polo tanto no é posible considerar dito remate como unha unidade de obra, senón unha solución a unha mala execución.

- “Ud lavado de muros con Hidrolimpiadora” e “Pintado de zocalo en patio”. A partida 9.02, preveía a preparación e limpieza previa do soporte. O adxudicatario optou polo uso de hidrolimpiadora en vez de outros sistemas sen que se poda considerar unha nova unidade.

- “Ud protección parte inferior bajante”, incluida na partida 7.03, que inclúe, ademais de codos soportes, pezas especias, todo o necesario para o súa correcta colocación en funcionamento.

- No referente aos aspectos de “Ud de capuchón inox en tuberia de patio” e “Cancilla de cierre de patio”. O citado capuchón, non lle consta a dirección facultativa, que exista ningún tipo de tubería no patio. E no referente ao que se denomina como cancilla de patio, sinalar que cando se efectua pola adxudicataria a recolocación de baranda de protección do patio partida 8.03.01, se prevé a reposición da barandilla metálica na zona superior da grada, “incluyendo todo lo necesario para su correcta colocación”. Unha vez efectuada dita colocación apreciase que a ubicación no seu conxunto, o ser un elemento recolocado, afecta en un punto en concreto a grada que provoca a existencia dun punto que se incumple a accesibilidade no aspecto de atrapamento, polo que a adxudicataria en vez de efectuar unha nova recolocación (que solo afectaría a medicion de dita unidade), por sencillez na execución a propia adxudicataria opta por engadir dito elemento.

Polo tanto dende o punto de vista da execucion das obras, entendo que non existe ninguna alteración nas unidades de obra que constan no proxecto, senón meros axustes técnicos e de idoneidade no resultado final. A sua vez, o adxudicatario no período da execución considerou tanto técnica como economicamente ditos axustes na execución, como lóxicos e axeitados a boas técnicas constructivas, sen manifestar que estes fosen aspectos que necesitasen alteración ou modificación, tanto na data de finalización como no aspecto económico.

Segundo o proxecto aprobado, o prazo de execución das obras era de tres (3) meses. Tendo en conta que o acta de inicio asinouse pola direccion facultativa e polo responsable da adxudicataria con data 21 de maio de 2.018, as obras deberian de finalizar antes do 22 de agosto de 2.018.

Con data 6 de marzo de 2.019, efectuase a recepción das obras, na cal se determina a observación de que deberá de correxir as fluorescencias que se producen na base do acabado do pavimento da pista, que deberá de executarse antes do comezo do próximo curso escolar.

A finais de agosto de 2019 e a solicitude da contratista, xirouse visita ao centro comprobando que as flourescencias do pavimento referidas como defecto na acta de recepción foron correxidas, efectuando a empresa adxudicataria un novo acabado de pavimento».

**Oitavo.-** Con data 21 de outubro de 2019 emitiuse informe no que se propón remitir a COVISAM NORTE S.L. o Informe da Dirección da obra, de data 30 de setembro de 2019, e outorgar un trámite de audiencia no expediente, por un prazo de dez días para alegacións e presentación dos documentos ou xustificacións que estimen procedentes, así como reter, como medida provisional, ata que se resolva o expediente de imposición de penalidades, un importe de ONCE MIL TRESCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (11.372,79 euros)- correspondente ao 5% do prezo do contrato-, das cantidades que en concepto de pago,deban abonarse ao contratista.

**Noveno.-** Os fundamentos de dereito da dita proposta son os que seguen:

«Primeiro.- Tanto a adxudicación como a formalización do contrato de que tratamos, tiveron lugar baixo a vixencia do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de noviembre polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público polo que, de acordo coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, a norma de aplicación aos efectos deste contrato, así como ao seu cumprimento e extinción é o Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.
A lexislación en materia de contratos permite ao órgano de contratación impoñer penalidades polo incumprimento ou o cumprimento defectuoso das obrigas derivadas dos contratos. O artigo 212.1 do TRLCSP determina que "Os pregos ou o documento contractual poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato".

Nesta liña, o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras de cubrición do patio do colexio Rocío (PCAP), que rexe o presente contrato, prevé a imposición de penalidades, tanto para o incumprimento das condicións especiais de execución como para o cumprimento defectuoso do mesmo na cláusula 35. En concreto, no apartado 3o.d) establece que se imporán penalidades ao contratista cando por causas que lle foran imputables incorrese en mora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, remitindo ao disposto no artigo 212 do TRLCSP en canto á imposición destas penalidades.

Para a imposición de penalidades polo cumprimento defectuoso do obxecto do contrato ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución contrato, a lexislación esixe os seguintes requisitos (artigo 212.1 do TRLCSP):
- Que estean previstas no PCAP.
- Que sexan proporcionais á gravidade do incumprimento.
- A súa contía non poderá ser superior ao 10 por 100 do presuposto do contrato.

Pola súa parte, o PCAP respecto as penalidades a impoñer pola comisión de faltas establece na cláusula 35.3.b) que como norma xeral a súa contía será do 1% do importe de adxudicación do contrato, agás que o órgano de contratación considere que o incumprimento é grave o moi grave, en cuxo caso podería acadar o 5% ou 10%, segundo a infracción fose grave o moi grave, respectivamente. Aclarándose que a reiteración no incumprimento deberá terse en conta para valorar a gravidade.

De conformidade con estas disposicións e acreditado o cumprimento dos devanditos requisitos, procedeuse a iniciar a COVISAM NORTE, S.L un expediente de imposición de penalidades. Tendo en conta que o prazo máximo para a execución das obras era de 3 meses, o exceso de mais de 6 meses no prazo de execución, tipificouse como unha falta grave, recollida na cláusula 35.3.b) do PCAP que rexe o citado contrato "O incumprimento de prazos establecidos neste prego para a realización de trámites administrativos ou para a execución das obras cando sexan superiores a un 50 % do prazo previsto para cada trámite" correspondendo a imposición dunha penalidade que ascende ao 5% do prezo do contrato (11.372,79 euros).

Segundo.- A entidade COVISAM NORTE, S.L presenta escrito de alegacións no que recoñecendo o efectivo retraso na execución das obras, manifesta que o mesmo debeuse  a duas circunstancias. En primeiro lugar, derivado dun comportamente neglixente de Apimet Construcciones Autoportantes, S.L., entidade subcontratada para formación dunha estrutura mecánica. Respecto a esta cuestión, cómpre recordar que segundo o artigo 227.4 do TRLCSP e a Clausula 38 do PCAP “los subcontratistas quedaran obligados solo ante el contratista principal que asumirá por tanto la total responsabilidad de la ejecución del contrato frente a la Administración, con arreglo estricto a los pliegos de clausulas administrativas particulares y a los términos del contrato” . En consecuencia, COVISAM NORTE, S.L é responsable en exclusiva do traballo da subcontratista sen que a argumentación esgrimida poida prosperar.

Nótese a estes efectos que a responsabilidade da contratista recoñécese no burofax remitido a APIMET con data 14 de agosto que se adxunta como anexo no 2 ao escrito de alegación. En concreto, no mesmo se indica que “el motivo de la presente comunicación se concreta en notificarles la rescisión del referido contrato porfalta de cumplimiento, conforme a las cláusulas estipuladas en el mismo, en concreto en cuanto a los plazos de ejecución, falta de capacidade de APIMET, retrasos injustificados...que implican que al término final es de imposible cumplimiento, suponiendo el previsible incumplimiento por parte de mi mandante con el Concello de Vigo y las correspondientes penalizaciones que ello le derivará (...) se les repercutirán los daños y perjuicios que se le irroguen a mi mandante con motivo de su incumplimiento, así como las penalizaciones por el retraso en la ejecución de los trabajos conforme a lo establecido en el contrato suscrito (...)”

Por tanto, segundo se recoñece na documentación aportada, COVISAM NORTE, S.L é responsable en exclusiva do traballo da subcontratista puidendo iniciar fronte a mesma as accións que estime procedentes.

En segundo lugar, entende a contratista que o retraso é consecuencia dos requirimentos da administración contratante que, segundo se indica “ supusieron modificaciones del contrato asi como la ejecución de unidades de obra no previstas”. Segundo o exposto nos antecedentes, co fin de aclarar as cuestións técnicas planteadas pola contratista no seu escrito de alegacións, solicitouse á Dirección da Obra que informase sobre as mesmas e, particularmente, sobre as supostas modificacións do contrato e execución de unidades de obra non previstas.

Con data 30 de setembro de 2019 emítese informe subscrito polos técnicos municipais e directores da obra, no que tras analizar as alegacións da contratista, xustifican que as unidades de obra introducidas son as previstas, sen que se produxera ninguna modificación do obxecto do contrato. Ademais, neste Informe, a Dirección da obra informa que a contratista en execución das obras en ningún momento manifestou dúbida ou obxeción alguna respecto á execución do contrato.

Terceiro.- COVISAM NORTE S.L. no seu escrito expón que unha vez finalizada a obra non é posible iniciar un expediente de imposición de penalidades xa que o fin deste tipo de expedientes é exclusivamente coercitivo ou de presión ao contratista. Fronte a esta afirmación, debemos aclarar que a normativa aplicable posibilita o

inicio dun expediente de imposición de penalidades con independencia de que finalizara a execución das obras. En efecto, segundo se recolle no Informe 8/2018 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragon de data 11 de abril de 2018, no Informe da Xunta Consultiva de Contratación do Estado 46/2012 e nas Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla e León no 277/2012, de 21 de febreiro " la imposición de penalidades por demora en la ejecución del contrato no queda enervada porque se haya producido la recepción del contrato habida cuenta que esta constituye un acto formal de conformidad con la prestación realizada que no subsana posibles incumplimientos producidos en ejecución del contrato".

En conclusión, nun suposto como o presente no que finalizou a execución das obras, a imposición de penalidades xa non ten unha función propiamente coercitiva pero elo non determina que deixe de servir a súa finalidade punitoria e resarcitoria.

Cuarto.- En canto ao procedemento para imposición de penalidades, o artigo 212.8 do TRLCSP dispón que "As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato si designouse, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións".

No contrato que nos ocupa, o procedemento para imposición de penalidades está recollido na cláusula 37.II do PCAP, conforme a cal "As penalidades ou multas coercitivas impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato tras a instrución do correspondente expediente contraditorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días, acordo que será inmediatamente executivo".
Ademais, debemos traer a colación a recente Sentencia do Tribunal Supremo de data 21 de maio de 2019, que en sede de recurso de casación e ante a falta de previsión legal en materia de contratos conclúe que na imposición de penalidades contractuais non son de aplicación os artigos 21.3 a ) e 25.1.b da Lei 39/2015 por que constituen trámites, decisións o incidencias dentro do procedemento de execución do contrato. Por conseguinte, "a penalidad se configura como una suerte de cláusula penal contractual cuya razón radica en el interes público que satisface el contrato y que es necesario tutelar". En consecuencia, "a imposición de penalidades non está suxeita a un prazo de caducidade e dende un punto de vista procedimental se ubica en sede de execución contractual, sen que se prevea para o seu exercicio un procedemento específico e diferenciado senón unha decisión o trámite en fase de execución"».

**Décimo.-** No trámite de audiencia conferido, Covisam Norte, S.L. presentou o escrito de alegacións que figura no expediente, no que aduce: (i) que o TRLCAP/2000 foi derogado, a excepción do capítulo IV do Título V do Libro II, comprensivo dos artigos 253 a 260, ambos inclusive, pola letra a) da disposición derogatoria da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público; (ii) que o Concello de Vigo foi puntualmente informado dos incumrimentos da subcontratista; (iii) que non cabe a imposición de penalidades por demora unha vez rematada esta e que tal interpretación resulta do artigo 98.1 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos e do PCAP do contrato, pois a finalidade coercitiva destas xa non ten

sentido rematada a obra; (iv) que o Concello de Vigo, non so se excedeu do prazo de tres meses para iniciar e resolver o expediente de penalización ao contratista, senón que ao largo de toda a execución e prórrogas tácitas en ningún momento apuntou á aplicación de penalidades por demora na execución; (v) que o informe técnico municipal do que se lle deu vista é interesado e partidista e non fai referencia ás unidades de obra incluídas no proxecto, toda vez que a contratista presentou a súa proposta en base ao proxecto redactado, proposta que foi aceptada pola Administración; (vi) que en calquera caso a sanción proposta é desproporcionada.

**Décimo primeiro.-** As alegacións formuladas por Covisam Norte, S.L. non poden prosperar:
— Porque os artigos 253 a 260 do TRLCAP/2000, que deixa en vigor a disposición derogatoria da LCSP/2007, refírese á financiación privada do contrato de concesión de obra pública e non aos preceptos aquí de aplicación.

— Porque a información ao Concello de Vigo dos incumprimentos da subcontratista non enerva a responsabilidade directa da contratista fronte a Administración municipal, tal e como establece o artigo 227.4 do TRLCSP e a Clausula 38 do PCAP, conforme asos cales «Los subcontratistas quedaran obligados solo ante el contratista principal que asumirá por tanto la total responsabilidad de la ejecución del contrato frente a la Administración, con arreglo estricto a los pliegos de clausulas administrativas particulares y a los términos del contrato» .

— Porque a STS, Sala do Contencioso-Administrativo, de 21 de maio de 2019, dictada no recurso de casación núm. 1372/2017, precisa que a cuestión que ofrece interés casacional obxectivo para admitir o recurso de casación que a sentenza resolve é «dada la falta de previsión al respecto del texto refundido de la ley de contratos del sector público: “Si, en el ámbito de los contratos del sector público, la imposición a los contratistas de penalidades por incumplimiento de las obligaciones previstas en el contrato está sometida a un procedimiento al que le resultan de aplicación los artículos 42 , 43 y 44 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre (y concordantes de la Ley 39/2015, de 1 de octubre) y, por tanto, la caducidad. O si, por el contrario, la imposición de tales penalidades constituye un trámite más dentro de la ejecución del contrato al que no resultan de aplicación aquellos preceptos ni, por tanto, se dictan en un procedimiento autónomo sometido a un plazo de caducidad”».
Pois ben, no que aquí importa, declara a sentenza que «La Sala entiende que la imposición de penalidades conforme a la normativa antes expuesta por incumplimiento contractual, no está sujeta a un plazo de caducidad» e isto polas razóns que seguidamente expón a sentenza, das que interesa destacar, canto a posibilidade de iniciar o expediente de imposición de penalidades contractuais unha vez finalizada a execución da obra que:

«1º. Es punto común y pacífico que en lo sustantivo tales penalidades no responden al ejercicio de una potestad sancionadora, luego para su imposición no se sigue un procedimiento específico de naturaleza sancionadora ni éste es aplicable supletoriamente. Al respecto es jurisprudencia de esta Sala que responden al ejercicio de una facultad de coerción sobre el contratista para la correcta ejecución del contrato, facultad que implica poderes de dirección, inspección y control que, en garantía del interés público, se atribuye a la Administración (…).

2º Su naturaleza ciertamente se acerca a la lógica de la multa coercitiva como instrumento cuyo fin es forzar, mediante su reiteración y hasta lograr el cumplimiento de determinada

obligación contractual. Tal similitud se acentúa cuando con la penalidad se reacciona ante retrasos del contratista u otro cumplimiento defectuoso mantenido en el tiempo; ahora bien cuando se impone como consecuencia de un incumplimiento puntual o ejecutado el contrato, ya no implica coerción alguna y su naturaleza se asemeja ciertamente a la sancionadora o cumple un fin resarcitorio».

— Neste mesmo sentido se pronunciara xa a Junta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, no seu informe 8/2018, de 11 de abril, no que se di que:

> «En el supuesto de imposición terminada la ejecución de las obras la penalidad ya no tiene una función propiamente coercitiva, pero no por ello su imposición dejaría de servir a su preeminente finalidad punitiva y, en su caso, resarcitoria, en ese mismo sentido se pronuncia la Intervención General de la Comunidad de Madrid en informe de 7 de febrero de 2003:
> "La imposición de penalidades por demora en la ejecución del contrato no queda enervada porque se haya producido la recepción del contrato habida cuenta de que ésta constituye un acto formal de conformidad con la prestación realizada que no subsana posibles incumplimientos producidos en la ejecución del contrato sin incidencia sobre el resultado de la prestación convenida.
> No obstante todo lo anterior, el momento más idóneo para la imposición de la penalidad debe ser durante el plazo de ejecución del contrato, ya que en esta fase la imposición de la penalidad desplegaría efectos coercitivos, conminando al contratista al cumplimiento tempestivo del contrato. Por el contrario, de ser exigida una vez consumado el incumplimiento, la penalidad quedaría desprovista de ese potencial coercitivo, mas no por ello su imposición dejaría de servir a su preeminente finalidad punitiva y, en su caso, resarcitoria"
>
> En el mismo sentido se pronunció la Junta Consultiva de Contratación del Estado en informe 46/2012:
>
> "la responsabilidad del contratista no se extingue con la recepción de la obra sino que es necesario que transcurra el plazo de garantía sin objeciones y que aunque la mora sea apreciada por la Administración después del acta de recepción del contrato, mientras no haya pasado el plazo de garantía establecido en el mismo, el contratista deberá responder de los daños y perjuicios que esa demora haya podido causar a la entidad contratante"».

Polo demais, a penalidade que se propón o é como consecuencia do incumprimento do prazo total de execución do contrato téndose iniciado o expediente para a imposición da penalidade contractual o 17 de abril de 2018, no mes seguinte á recepción da obra tivo lugar o 6 de marzo do mesmo ano.

— Porque a afirmación de que o informe técnico municipal é interesado é unha afirmación apodíctica carente de toda xustificación e argumentación que a avale e desvirtúe a do informe municipal.

— Porque a gradación da sanción é a que resulta do PCAP reitor do contrato en función da entidade da mora producida e non supera o 10 por cento do orzamento do contrato.

Así as cousas e polas razóns que se veñen de expoñer e das arriba transcritas, contidas no informe proposta de que se lle deu vista a Covisam Norte S.L., proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, competente para a imposición das penalidades contractuais (artigo 212.8 e apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP/2011) a adopción do seguinte

**ACORDO**

**1.** Impoñer a COVISAM NORTE S.L. penalidade contractual por demora na execución das prestacions pactadas no contrato de obras adxudicado pola Xunta de Goberno Local, na sesión de 29 de decembro de 2017, de cubrición do patio do Colexio Rocío, por importe de ONCE MIL TRESCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (11.372,79 euros), correspondente ao 5% do prezo do contrato, cantidade que se fará efectiva mediante dedución das cantidades que en concepto de pago, deban abonarse ao contratista.

**2.** Notifíquese o presente acordo á interesada COVISAM NORTE, S.L. con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 13(101).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE TURISMO ENTRE OS MESES DE OUTUBRO A DECEMBRO DE 2019. EXPTE. 7613/104.

Dáse conta do informe-proposta de data 4/02/2020, asinado pola xefa de Turismo e Industria (Resolución 28/10/19) e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, a Concelleira-Delegada Da Área de Festas e Turismo, Mª Carmen Lago Barreiro, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Turismo, funcional 4320, durante os meses de outubro, novembro e decembro do ano 2019, que se relacionan deseguido:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **7476-104** (N)<br>**CM Servizo inserción publicitaria na Revista "La Guía Go!"**<br>43202260200 | RCM 68864<br>ADM 71702 | 2.178,00€ | GRUPOGO EDICIONES SL<br>(B09437476) | 1 MES |
| **7479-104** (N) | RCM 69506 | 17.545,00 € | PEPITA TERY PRODUCCIONES SL | 3 DÍAS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Patrocinio Publicitario “Desafío BOOT CAMP 2019”**<br>4320.2269900 | ADM 71703 | | B27742105 | |
| **7487-104** (N)<br>**CM Servizos para a promoción do turismo funerario a través da contratación de rutas guiadas caracteriazadas no cemiterio de Pereiró**<br>4320.2279904 | RC 70532<br>ADRCM 71751<br>ADM 79429 | 14.063,71€<br>+<br>2.420,00€ | AGUÍAS DE VIGO SL<br>B27814359 | 21 DIAS |
| **7490-104** (N)<br>**CM Servizos para a promoción do turismo funerario en Televigo**<br>4320.2279904 | RCM 70531<br>ADM 71460 | 12.100,00@ | INICIATIVAS AUDIOVIDUALES VIGO SLU<br>B27755410 | 2 MESES |
| **7493-104** (N)<br>**CM de servizos para a contratacion dunha reportaxe fotográfica para a promoción das visitas caracterizadas no cemiterio de Pereiró**<br>4320.2279904 | RCM 70771<br>ADM 71948 | 1.560,00€ | ROSA Mª GONZÁLEZ VÁZQUEZ<br>36141779Q | 2 MESES |
| **7494-104** (N)<br>**CM Servizo para a impresión dos carteis da promoción turística do “Pestisquiño 2019”**<br>4320.2260200 | RCM 71203<br>ADM 72217 | 804,65€ | REPROGALIA SL<br>B36824720 | 5 DIAS |
| **7496-104** (N)<br>**CM Servizos para a inserción publicitaria na revista “La Nueva España”**<br>4320.2260200 | RCM 71662<br>ADM 72212 | 4.235,00€ | EDITORIAL PRENSA ASTURIANA S.A.<br>A33052283 | 1 MES |
| **7498-104** (N)<br>**CM Servizos reportaxe fotográfica de Vigo**<br>4320.2279904 | RCM 72055<br>ADM 74002 | 12.100,00€ | JJLANFOCO SERVICIOS AUXILIARES DE EMPRESA S.L.<br>B94050564 | 2 MESES |
| **7499-104** (N)<br>**CM Servizos para inserción publicitaria na revista “Vivir y disfrutar Vigo”**<br>4320.2260200 | RCM 73104<br>ADM 74726 | 6.050,00€ | FRANCISCO JAVIER NOGUEIRA CARBALLIDO<br>50707457R | 1 MES |
| **7505-104 (N)**<br>**CM Servizo para a valoración económica da promoción turística en distintos eventos**<br>4320.2270602 | RCM 77406<br>ADM 77746 | 1.452,00€ | RP3 VIGO S.L.<br>B36803468 | 2 MESES |
| **7507-104 (N)**<br>**CM Servizos para a inserción en medios para a pro-** | RCM 77734<br>ADM 79636 | 18.143,95€ | FARO DE VIGO S.A UNIPERSONAL<br>A36600815 | 1 MES |

Concello de Vigo

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **moción turística do encendido do Nadal**<br>4320.2260200 | | | | |
| **7512-104 (N)**<br>**CM servizos para adquisición de pulseras promocionais de nadal no marco do producto turistico de Nadal**<br>4320.2260200 | RCM 79265<br>ADM 80848 | 18.089,50€ | EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES S.A.<br>A36751287 | 1 MES |
| **7514-104 (N)**<br>**CM servizos para inserción publicitaria promoción turística de Nadal no programa "La Ventana"**<br>4320.2260200 | RCM 79267<br>ADM 83421 | 18.089,50€ | RADIO VIGO S.A.<br>A36612414 | 1 DIA |
| **7515-104 (N)**<br>**CM servizos para revisión dos extintores dos locais sitos na estación marítima da ría**<br>4320,2269900 | RCM 79266<br>ADM 83422 | 47,92 | EXTINTORES SENCO VIGO S.L.<br>B27744820 | 1 DIA |
| **7521-104 (N)**<br>**Contrato patrocinio publicitario da media maratón Cidade de Vigo**<br>4320.2279904 | RCM 79658<br>ADM 82408 | 5.445,00€ | PEPITA TERY PRODUCCIONES S.L.<br>B27742105 | 1 DIA |
| **7525-104 (N)**<br>**CM Promoción turística do producto de Nadal para xornada da Spain Convention Bureau organizada pola FEMP**<br>4320.2279904 | RCM 81393<br>ADM 83433 | 2.370,00€ | HOTEL BAHÍA DE VIGO<br>A36606374 | 1 DIA |
| **7528-104 (N)**<br>**CM Servizos para inserción publicitaria na revista de viaxes "INFORTURSA" para a promoción turística**<br>4320.2260200 | RCM 81392<br>ADM 83432 | 7.139,00€ | ROLDAN&ASOCIADOS S.A.<br>A78144649 | 1 MES |
| **7529-104 (N)**<br>**CM Servizos para inserción publicitaria da promoción de nadal en Binter**<br>4320.2260200 | RCM 81295<br>ADM 83903 | 18.145,16€ | GESTION AERONAUTICA INTEGRAL CANARIA SL<br>B76027432 | 20 DIAS |
| **7531-104 (N)**<br>**CM Servizos promoción campaña da cidade de Vigo para membros da Fundación Vigo Conventión Bureau**<br>4320.2279904 | RCM 82699<br>ADM 83613 | 4.406,00€ | HOTEL BAHIA DE VIGO<br>A36606374 | 1 DIA |
| **7532-104 (N)**<br>**CM Servizos para inserción publicitaria na guía GO no mes de decembro**<br>4320.2260200 | RCM 82700<br>ADM 83615 | 2.178,00€ | GRUPOGO EDICIONES S.L.<br>B09437476 | 1 MES |
| **7541-104 (N)**<br>**CM Servizos para a contratación dun video promocio-** | RCM 97980<br>ADM 97992 | 17.690,20€ | ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS S.L.<br>B27786045 | 3 DIAS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **nal da cidade**<br>4320.2279907 | | | | |
| **7543-104 (N)**<br>**CM Servizos para inserción puboicitaria nos cuadernos de Onda Cero**<br>4320.2260200 | RCM 92274<br>ADM 95548 | 2.299,00€ | UNIPREX S.A.<br>A28782936 | 1 MES |
| **7552-104 (N)**<br>**CM Servizos para inserción da promoción turística de nadal en La Región, Atlántico e Telemiño**<br>4320.2260200 | RCM 92632<br>ADM 94784 | 16.940,00€ | OUTRO S.L.<br>B32178881 | 1 MES |
| **7554-104 (N)**<br>**CM Servizos para inserción de promoción de nadal en Cíes Podcast**<br>4320.2260200 | RCM 93272<br>ADM 95562 | 1.499,19€ | CÍES MEDIA COMUNICACIÓN S.L.<br>B27862028 | 15 DIAS |
| **7560 (N)**<br>**CM Servizos para inserción de promoción turística de nadal no portal 65ymas**<br>4320.2260200 | RCM 93273<br>ADM 95559 | 6.050,00€ | AGKAM STRATEGIES S.L.<br>B88116447 | 10 DIAS |
| **7562-104 (N)**<br>**CM Subministro para adquisición de material de oficina**<br>4320.2200000 | RCM 94164<br>ADM 95563 | 3.122,46€ | CARLINGAL S.L.<br>B32170961 | 10 DIAS |
| **7564-104 (N)**<br>**CM Servizos para o deseño e impresión do programa turístico das actividades de nadal 2019-2020**<br>4320.2260200 | RCM 93252<br>ADM 95556 | 3.046,78€ | ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.<br>B36614808 | 10 DIAS |
| **7568-104 (N)**<br>**CM Servizos para inserción publicitaria da promoción turismo de nadal na revista "La Movida"**<br>4320.2260200 | RCM 96775<br>ADM 97835 | 1.500,00€ | A MOVIDA CULTURAL S.L.L.<br>B27857366 | 10 DIAS |
| **7575-104 (N)**<br>**CM Servizos para adquisición de material promocional**<br>4320.2260200 | RCM 96784<br>ADM 97836 | 16.964,20€ | EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES S.A.<br>A36751287 | 7 DIAS |

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**14(102).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO AS 25 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, POLA QUENDA LIBRE, DERIVADAS DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICOS DOS ANOS 2010-2011-2014-2015-2016. EXPTE. 35350/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 12/02/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1**. A Xunta de Goberno Local, nas súas sesións extraordinarias e urxentes dos días 30 de decembro de 2010 e de 2011, aprobou a oferta de emprego público municipal para os ditos anos, que foi publicada nos Boletíns Oficiais da Provincia de Pontevedra de datas 04 de febreiro de 2011 e 16 de febreiro de 2012, e nos DOG de datas 18 de febreiro de 2011 e 28 de febreiro de 2012, respectivamente.

Tamén, en sesión de data 30 de decembro de 2014 acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2014 (publicación no BOP do 22/12/2015 e no DOG de 10/02/2016).

Así mesmo, en sesión de data 30 de decembro de 2015, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2015 (publicación no BOP do 26/01/2016 e no DOG de 10/02/2016).

Por último, en sesión de data 8 de abril de 2016, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2016 (publicación no BOP do 27/04/2016 e no DOG de 06/05/2016).

En sesión da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2016 modificouse a dita Oferta de Emprego Público 2016 (publicación no BOP do 22/12/2016 e no DOG do 28/12/2016).

**2.** As bases xerais reitoras dos procesos selectivos derivados, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 14.09.2012 (BOP nº 210, do 31.10.2012 e DOG nº 240, do 18.12.2012) e as específicas (2ª Fase), aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións do 05.12.2013 e 13.12.2013 e publicadas no DOG nº 245, do 24.12.2013 e no BOP nº 240, do 16.12.2013 (dispoñibles tamén na sede electrónica do Concello de Vigo no sitio: https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/oferta.jsp?id=27&lang=ga).

**3.** As bases xerais reitoras dos procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas que configuran as Ofertas de Emprego Público 2014, 2015 e 2016 aprobáronse pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de febreiro de 2018, tendo sido publicadas no BOP do 26/03/2018. Así mesmo publícase unha rectificación de erros nas bases no BOP

do 07/06/2018, por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/05/2018. O anuncio breve das bases e a súa rectificación publícase no DOG de 25/06/2018.

**4.** Foron convocadas, entre outras, en total vinteoito prazas de policía local, incluídas no Subgrupo C1 de titulación. Escala: Administración especial. Subescala: servizos especiais. Clase: policía local; categoría, policía local; quenda de acceso: libre. Tomando posesión, por xa cumprir todos os requisitos en data 02/05/2019, D. I. OTERO GONZÁLEZ con DNI ***0027**, D. S. MARIÑO RUZA con DNI ***0067** e D. D. SENDÓN VARELA con DNI ***5350**.

**5.** De conformidade co previsto nas Bases das referidas convocatorias, os aspirantes aprobados unha vez achegada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, debendo superar un curso teórico-práctico de 9 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

**6.** En data 17 de abril de 2019, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acordou:

**"PRIMEIRO**: Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Policía Local**, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación:

Oferta Emprego Público 2010-2011:

| APELIDOS | NOME | DNI | NÚM. PERSOAL |
|---|---|---|---|
| ALONSO QUIÑONES | P. | ***5955** | 84286 |
| PÉREZ ÁLVAREZ | A. | ***5377** | 84300 |
| ALONSO SIMÓN | L. | ***6128** | 84287 |
| GARCÍA MIGUÉLEZ | J. | ***2935** | 84292 |
| AREAL LAGO | D. | ***7474** | 84288 |
| LÓPEZ RODRÍGUEZ | E. | ***1805** | 84296 |
| CABALEIRO GUERREIRO | M.L. | ***9050** | 84293 |
| CAMPOS FERNÁNDEZ | A. | ***9051** | 84291 |
| MACIAS BARROS | J.P. | ***6437** | 84297 |
| PENA PEREIRA | D.L. | ***6069** | 84299 |
| AVENDAÑO PAZOS | J. | ***3355** | 84289 |
| HERRERA SOUSA | B. | ***6049** | 84295 |
| GONZÁLEZ SELLÁN | A. | ***7350** | 84294 |
| MENÉNDEZ MARQUÉS | A. | ***1806** | 84298 |
| BASTOS SALORIO | T. | ***9421** | 84290 |

Oferta  Emprego Público 2014-2015-2016:

| APELIDOS | NOME | DNI | NÚM. PERSOAL |
|---|---|---|---|
| CONDE CASTRO | D. | ***5487** | 80427 |

| APELIDOS | NOME | DNI | NÚM. PERSOAL |
|---|---|---|---|
| MÍGUEZ PÉREZ | P. | ***7801** | 84306 |
| PÉREZ GIRÁLDEZ | B. | ***0547** | 84307 |
| GONZÁLEZ FORTES | J.C. | ***6214** | 84302 |
| ANTUNES VARELA | M.J. | ***7429** | 84301 |
| GONZÁLEZ VÁZQUEZ | B. | ***5523** | 84303 |
| MEJUTO ARES | C. | ***3021** | 84305 |
| LÓPEZ RODRÍGUEZ | P. | ***5586** | 84304 |
| PÉREZ PÉREZ | B. | ***9502** | 83998 |
| VÁZQUEZ CARBÓN | Á. | ***4199** | 84308 |

“

**6.** En data 06 de febreiro de 2020, a Academia galega de Seguridade Pública, remite a éste Concello informes nos que se informa favorablemente o nomeamento de vinte dos vintecinco funcionarios en prácticas, informando desfavorablemente o nomeamento doutros cinco por non superar o curso selectivo

***7***.- A vista do informe da Academia Galega de Seguridade Pública, a Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación emite en data 11/02/2020 o seguinte informe:

*“En relación co asunto de referencia, e á vista da comunicación da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) contida en documento electrónico 200019991) pola presente infórmase o seguinte:*

***I.-*** *O Decreto 243/2008, de 16 de octubre, de desenvolvemento da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia, respecto do curso selectivo obrigatorio para os funcionarios/as en prácticas do Corpo da Policía Local, o seguinte:*
*“Artículo 61 Curso selectivo y obligación de superación del mismo*
*1. La superación de este curso resulta obligatoria para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría o puesto correspondiente.*
*2. En caso de no incorporación al curso, o abandono del mismo sin terminarlo, excepto por causas excepcionales o ajenas a su voluntad, el aspirante perderá todos los derechos alcanzados en el proceso selectivo.*
***3. El alumnado que no supere el curso en la Academia Gallega de Seguridad Pública, incluidas las pruebas o exámenes de carácter extraordinario, perderá todos los derechos alcanzados en el proceso selectivo.***
*4. Este curso podrá desarrollarse en la Academia Gallega de Seguridad Pública, de forma presencial o a distancia, mismo con la posibilidad de participar el alumnado en actividades formativas ajenas, de contenido semejante, que se impartan en otros centros de formación, públicos o privados, de reconocido prestigio, con los que la academia mantenga relaciones de intercambio o colaboración.”*

***II.-** O Real Decreto 456/1986, de 10 de febrero, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, establece no seu artigo 3 que:*
*"Los funcionarios en prácticas que sean nombrados funcionarios de carrera al haber superado el período de prácticas o el curso selectivo, continuarán percibiendo en el plazo posesorio las mismas retribuciones que les hayan sido acreditadas durante el tiempo de realización de las prácticas o del curso selectivo.*
*Aquellos otros que, habiendo superado todos los requisitos del proceso selectivo, queden en expectativa de nombramiento, no tendrán derecho a percibir remuneración alguna como funcionarios en prácticas.*
*Asimismo, **la no superación del curso selectivo determinará el cese en el percibo de estas remuneraciones, sin perjuicio de su reanudación al producirse, en su caso, la incorporación del aspirante a un nuevo curso selectivo."***
*En consecuencia, e quedando clara normativamente a ausencia de título legal para o aboamento de retribucións no suposto indicado, por esta funcionaria enténdese que procede a baixa como funcionarios en prácticas dos aspirantes non aprobados no curso selectivo, debendo causar baixa en nómina, percepción de haberes e en cotizacións empresariais á seguridade social; e sendo necesario que polos servizos económicos se efectúen os reintegros que procedan, vista a data do mes e considerando as normas e datas sobre o peche de nómina contidas nas Bases de Execución dos vixentes Orzamentos Municipais 2020.*
*O cal se informa aos efectos oportunos, sen prexuízo do contemplado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ao tratar o asunto sobre materia obxecto da competencia da Xunta de Goberno Local".*

**8**.- En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 18/06/2019 e acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte,

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO:** Nomear **funcionarios de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Policía Local** incluídas na OEP 2010-2011-2014-2015-2016, aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión, ordinaria, de data 17 de abril de 2019, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria:

1- P. Alonso Quiñones con DNI núm. ***5955**

2- L. Alonso Simón con DNI núm. ***6128**

3- M.J. Antunes Varela con DNI núm. ***7429**

4- D. Areal Lago con DNI núm. ***7474**

5- J. Avendaño Pazos con DNI núm. ***3355**

6- T. Bastos Salorio con DNI núm. ***9356**

7- A. Campos Fernández con DNI núm. ***9051**

8- D. Conde Castro con DNI núm. ***5487**

9- A. González Sellán con DNI núm. ***7350**

10- B. González Vázquez con DNI núm. ***5523**

11- B. Herrera Sousa con DNI núm. ***6049**

12- E. López Rodríguez con DNI núm. 1805**

13- P. López Rodríguez con DNI núm. ***5586**

14- J. P. Macías Barros con DNI núm. ***6437**

15- C. Mejuto Ares con DNI núm. ***3021**

16- A. Menéndez Márques con DNI núm. ***1806**

17- P. Míguez Pérez con DNI núm. ***7801**

18- A. Pérez Álvarez con DNI núm. ***5377**

19- B. Pérez Giráldez con DNI núm. ***0547**

20- A. Vázquez Carbón con DNI núm. ***4199**

**SEGUNDO**.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

**TERCEIRO**.- Cesar aos funcionarios en prácticas D. J. García Miguélez, con DNI ***2993**, D. J.C. González Fortes con DNI núm. ***6214**, D. D.L. Pena Pereira con DNI núm. ***6069** e, D. B. Pérez Pérez con DNI núm. ***9502**, por non ter superado o curso selectivo para o acceso a categoría de policía, dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 25 de febreiro de 2019, nos termos do informe remitido pola Academia Galega de Seguridade Pública en data 06/02/2020.

**CUARTO.-** De conformidade co informe da Academia Galega de Seguridade Pública, acordar que se proceda a comunicar novamente a AGASP a acreditación das prácticas realizadas polo funcionario en prácticas D. M.L. Cabaleiro Guerreiro a efectos de que por ésta se proceda a súa avaliación previa ao nomeamento como funcionario de carreira.

**QUINTO.-** Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Policía Local, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**SEXTO**: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(103).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez